

## 0 día antes da intervención

- **Non poderá comer nin beber nada desde a noite previa á cirurxía** desde .....  
Se precisa tomar medicación pola mañá, **DEBERÁ TOMALA TAL COMO LLE INDIQUE O MÉDICO ANESTESISTA** e poderá facelo cun pequeno grollo de auga. Non tome alcohol cando menos 24 horas antes da intervención e aconsellamos que deixe de fumar desde ese momento.

## 0 día da cirurxía

- É imprescindible **que veña acompañado por un adulto** (familiar/amigo) **que se faga responsable**, deberá acompañalo durante as primeiras 24 horas do seu período postoperatorio. Ten que presentarse na UCSI á hora que lle indiquen (Segunda Planta. Hospital Abente y Lago). Acuda puntual á súa cita. Cando chegue é necesario que introduza a **súa tarxeta sanitaria na máquina do punto de información** e agarde na sala de espera. Cando o seu número apareza na pantalla será recibido polo persoal sanitario da unidade para a súa **acollida na unidade**.
- Deberá traer roupa cómoda, ademais dunha **bata e zapatillas**. Deberá acudir á unidade duchado (para determinados tipos de intervencións), sen maquillaxe, sen unllas pintadas e sen xoias.
- Se utiliza prótese dentarias, audífonos, gafas ou lentes de contacto deberán ser retiradas antes de entrar en quirófano.
- Non poderá conducir despois da cirurxía. A persoa que o acompañe deberá levalo á casa en coche particular ou transporte público.
- Deberá traer a medicación que toma de forma habitual.
- Dentro da unidade está prohibida a utilización de teléfonos móbiles.
- Cando reciba a alta, recibirá un informe e recomendacións de coidados.

## Na casa, despois da intervención

- Poderá comer e beber lixeiramente, adaptándose progresivamente os seus hábitos, segundo lle indiquen tras a súa intervención. Non tome alcohol, non fume.
- Non tome máis medicamentos que os prescritos no informe de alta e a medicación habitual para as súas doenzas crónicas.
- Siga as instrucións do anestesiólogo e as recomendacións escritas dos coidados de enfermería.
- Durante as 24 horas que sigan a cirurxía, non conduza vehículos, non utilice aparatos potencialmente perigosos.
- Acuda á revisión co seu médico no día e hora indicados no informe de alta.
- Le llamarán para darlle una cita para revisión.

# Non esqueza

- O obxectivo é que poida marchar para casa no mesmo día, se está en condicións, mais se o seu anestesiólogo ve que é preciso recomendará a súa hospitalización.
- **Non está autorizado a marchar só.**
- Lembre que pode chamarnos se o considera preciso, se ten algunha dúbida ou consulta chame o **981 176 662**.

**PREGUNTE SEMPRE. NON MARCHE CON DÚBIDAS.  
ESTAMOS AQUÍ PARA A SÚA ATENCIÓN.**

**DESEXÁMOSLLE UNHA BOA RECUPERACIÓN**

## ¿Que é a UCSI?

A **Unidade de Cirurxía Sen Ingreso** creouse para poder realizar intervencións cirúrxicas coa máxima calidade e seguridade, por persoal altamente cualificado, para que no mesmo día tras a cirurxía o paciente poida regresar á súa casa. Para lograr este obxectivo é importante que siga as recomendacións que figuran a continuación.



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

**Xerencia de Xestión Integrada  
A Coruña**

**Hospital Abente y Lago**

Paseo General Sir John Moore s/n

15001 A Coruña

[www.galicia.org](http://www.galicia.org)

[www.hospitalcoruna.es](http://www.hospitalcoruna.es)

092351



**UCSI**

Unidade de Cirurxía Sen Ingreso

**Unidade de  
Cirurxía Sen Ingreso**

**UDL**

**Unidade  
de Dor**



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

**Xerencia de Xestión Integrada  
A Coruña**